

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Lingua Galega e Literatura.		LGSXX 1º BACH 2023-2024
	MATERIA	LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE	
	PROFESORA	Mº ISABEL SEOANE SÁNCHEZ	

CONTIDOS	
<p>CONTIDOS XERAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Lectura e interpretación de textos significativos do século XX e da actualidade, descrición neles dos aspectos formais e temáticos que os individualizan e valoración destes como expresión da sensibilidade autorial e da identidade cultural de Galicia. ✓ Análise dos elementos intratextuais e extratextuais das obras literarias. ✓ Estudo da relación entre a obra literaria e o contexto sociocultural en que foi creada, e recoñecemento das influencias literarias e non literarias presentes nela. ✓ Valoración da pluralidade de estéticas e temáticas literarias do século XX e da actualidade a través da análise do seu tratamento por diferentes autoras e autores. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. ✓ Análise da relación entre textos da literatura galega do século XX e da actualidade con textos doutras literaturas, e descrición das conexións formais e temáticas existentes entre eles. ✓ Estudo da relación entre a obra literaria e outras artes (cinema, pintura, música etc.) e descrición de influencias e hibridacións. ✓ Elaboración de traballos de investigación escritos, orais ou multimodais sobre algunha obra ou aspecto salientable dela, empregando as fontes de documentación necesarias e cunha opinión persoal argumentada. ✓ Participación activa no circuíto literario e cultural nun contexto presencial e dixital. 	
1ª AVALIACIÓN	<p>POESÍA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da poesía galega do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. • Estudo da forma ou expresión dos principais textos poéticos do período, determinando o nivel actancial (actores e personaxes), a enunciación (voz, perspectiva e suxeito lírico), a estrutura e a figuración (tropos, figuras de dicción e figuras de pensamento). • Recomendación de lecturas de poemas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e formatos dixitais para o fomento da poesía: o videopoema. • Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre as obras lidas e aspectos da actualidade. • Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da poesía con outras artes.

2ª AVALIACIÓN	<p>NARRATIVA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da narrativa galega do século XX e da actualidade, e descrición dos seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. • Comparación dalgúns textos narrativos da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística. • Estudo da novela e descrición dos seus trazos definitorios: tipo de narrador, deseño de personaxes e tratamento das categorías de espazo e tempo. • Recomendación de lecturas de textos narrativos en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais • Análise das relacións, influencias e producións hibridadas da narrativa con outras artes. <p>ENSAIO</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise do ensaio galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. • Comparación dalgúns textos ensaísticos da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística. • Análise de diferentes tipos de ensaios xornalísticos: artigos de opinión, crónicas e entrevistas. • Estratexias de procura e selección das ideas máis relevantes en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación.
3ª AVALIACIÓN	<p>TEATRO e BANDA DESEÑADA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise do teatro galego do século XX e da actualidade determinando os seus paradigmas, os seus contextos e as súas influencias. • Comparación dalgúns textos teatrais da literatura galega do século XX e da actualidade, describindo a converxencia ou diverxencia temática ou estilística. • Análise do teatro desde a súa compoñente literaria e caracterización da traxedia, a comedia e o drama do período, destacando os trazos distintivos dos distintos subxéneros literarios. • Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. • Creación de textos teatrais a partir das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados. • Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre as obras lidas e aspectos da actualidade. • Análise da banda deseñada no século XX e XXI

LECTURAS

Lectura de textos literarios e comentario. Identificación das características formais e temáticas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas e/ou orais	30%
Producións clase-casa. TRABALLOS INDIVIDUAIS E EN GRUPO	70%
TOTAL AVALIACIÓN	100%
NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA	
Media ponderada: $NOTA\ 1^a\ AV + 2(NOTA\ 2^a\ AV) + 3(NOTA\ 3^a\ AV) / 6 = NOTA\ MEDIA\ XUÑO$ A media faise coa nota real de cada avaliación, non coa nota resultante de aplicar o redondeo.	
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	
Os alumnos que non alcancen unha media dun cinco na avaliación ordinaria deberán presentarse á proba extraordinaria. Nesta proba entra toda a materia do curso.	

OBSERVACIÓNS:

- Nas probas e actividades escritas non se avalían só os contidos, terase, tamén, en conta a presentación e a corrección na expresión: por cada erro de acentuación, ortografía, de léxico, de redacción..., descóntase 0,1, ata un máximo de 2 puntos.
- Non se avalían traballos / actividades presentados fóra de prazo.
- Se un alumno non puidese asistir a unha proba, tras xustificar debidamente a súa ausencia (se for o caso, con xustificante médico), poderá facer a proba na semana da súa incorporación ás clases.
- De se detectar que nun traballo ou nun exame, se emperran métodos fraudulentos, a cualificación será de 0.
- Para aprobar a avaliación e o curso, é necesario obter un 5. A partir do cinco, a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5,6= 6.

CONTACTO CO PROFESORADO

NOME	CORREO ELECTRÓNICO
Isabel Seoane	lgalmcasares@gmail.com iseoane@edu.xunta.gal